

## **OBRADOIRO**

### OBRADOIRO FORMATIVO DO MÉTODO OCA E PRESENTACIÓN DA INICIATIVA EXCELENTES MULLERES CIENTÍFICAS ( $E = mC^2$ )

**FERNÁNDEZ, XESÚS**  
**RODRÍGUEZ, LANA**  
*Ciencia en movemento*

#### **DESTINATARIOS**

O único requisito para asistir é cumprir a maioría de idade. Non obstante, consideramos o noso obradoiro ideal para profesionais e estudantes de carreira ou FP do ámbito das ciencias e tecnoloxías interesados na divulgación científica participativa con nenas/os e adolescentes.



#### **DESENVOLVEMENTO**

O obradoiro presentará, primeiro de forma máis teórica, o noso método educativo, o cal implementamos en numerosos centros cunha alta taxa de satisfacción. Este método, denominado OCA (Obxecto, Coach, Alumna/o), consiste en suscitar a curiosidade do público infante-xuvenil por medio de preguntas e hipóteses, hipóteses que logo son contrastadas cuns resultados que, previamente estudados, deben xerar sorpresa, entusiasmo e/ou admiración. Así, ao comezo do obradoiro daremos unha breve introdución que constará de:

- Principios.
- Obxectivos.
- Fundamentación.
- Metodoloxía.

Tras a parte teórica, pasaremos a presentar a iniciativa “**Excelentes Mulleres Científicas**”, de recente creación, aplicando o noso método, de forma que todas as dúbidas e cuestións poidan ser resoltas durante a práctica.